



Moisés de Lemos Martins & Manuel Pinto (Orgs.) (2008)
Comunicação e Cidadania - Actas do 5º Congresso da Associação Portuguesa de Ciências da Comunicação
6 - 8 Setembro 2007, Braga: Centro de Estudos de Comunicação e Sociedade (Universidade do Minho)
ISBN 978-989-95500-1-8

O tratamento da prostitución nos medios de comunicación

ANA BELÉN PUÑAL RAMA

Universidade de Santiago de Compostela



Resumo:

Nesta comunicación abordárase o tratamento informativo da prostitución e do tráfico de mulleres nos medios de comunicación. Aplicárase, ao estudo dos contidos informativos, a perspectiva de xénero, que permite visibilizar a realidade específica das mulleres e botar luz a aquelas problemáticas ligadas ás desigualdades inherentes á sociedade patriarcal e á pervivencia de roles e estereotipos propios da mesma. Os medios de comunicación non son alleos aos esquemas patriarcais nos que se sustenta a sociedade. Deste xeito, a información difundida polos mesmos insiste nunha visión simplificada e estereotipada da realidade na que se exerce prostitución e contribúe a alimentar o estigma social e a marxinação deste colectivo. As escasas pezas informativas sobre prostitución abundan, sobre todo, no suceso ou na información institucional, o que dificulta que as e os lectores poidan obter un mellor coñecemento desta problemática social a través dos contidos mediáticos. Das mulleres que exercen a prostitución a miúdo se ofrece unha imaxe estereotipada e son escasas as ocasións nas que se lle concede voz. Como noutros ámbitos temáticos, tamén na información sobre a prostitución os medios de comunicación son debedores da rede de fontes oficiais. Son pouco frecuentes as ocasións nos que a ou o xornalista asume a iniciativa de indagar nesta realidade para ofrecer unha información diferenciada. Deste xeito, quedan sen investigar cuestións de suma gravidade como as redes de tráfico de mulleres e trata de brancas ou as condicións de semiescravidade nas que se encontran algunhas mulleres que exercen a prostitución.

Palavras-chave:

Prostitución, tráfico de mulleres, estudos de xénero, medios de comunicación

Introducción

O texto que segue afonda no tratamento da prostitución e do tráfico de mulleres nos contidos informativos. Axentes de socialización fundamentais, os medios de comunicación contribúen a apuntalar os valores, roles e estereotipos que marcan a socialización diferencial de homes e mulleres. Por iso se fai necesaria a perspectiva de xénero na súa análise, pois é a que nos permite destapar as desigualdades que perviven no patriarcado, a miúdo invisíbeis para boa parte da sociedade, que as considera froito de estruturas naturais e ignora o que de construción social teñen tras de si. Os medios contribuíron con eficacia a ese discurso da naturalización da desigualdade, o que é perceptíbel na representación da prostitución nas súas páxinas. A abordaxe mediática parte dunha contradición de raíz, asentada na superposición de dúas estruturas sociais base na actualidade: o patriarcado reforzado nas dinámicas do sistema do capitalismo neoliberal. Por unha banda, os medios de comunicación obteñen cuantiosos beneficios mediante a publicitación, nos cada vez máis

numerosos anuncios por palabras, de ofertas ligadas á prostitución, sen ter en conta que, tras eses anuncios que se amparan na lóxica da sociedade de consumo e o sexo como un obxecto máis de compravenda, latexa unha realidade na que, en ocasións, son manifestas as violacións aos dereitos humanos das mulleres, baseada nunha estrutura social arraigada na desigualdade patriarcal. Por outra, fronte á presenza crecente da prostitución no discurso publicitario, nos contidos informativos apenas se lle dedica espazo e recursos a informar sobre a prostitución. Nalgúns casos, o medio pode asumir unha labor de denuncia ao difundir novas sobre descubertas de mafias e redes de trata de brancas e tráfico de mulleres, sen ter en conta a hipocresía na que incorre: denunciar nos contidos informativos o que de modo encuberto ampara no publicitario.

Este reforzo do sistema patriarcal reconfigurado polas dinámicas capitalistas é tamén o que está na base da prostitución na actualidade, o que fai que siga a ser unha saída para esa gran maioría de mulleres estranxeiras, procedentes de países empobrecidos, rostro múltiple e diverso da feminización da pobreza que se manifesta a escala mundial.

A prostitución é, pois, unha realidade complexa, non só simplificada (a miúdo baixo a perspectiva do suceso) senón tamén deturpada (baixo a óptica dos valores patriarcais) polos medios de comunicación. Dende este punto de partida, que marca a nosa hipótese inicial, configuramos a análise que desenvolveremos ao longo desta comunicación, baseada, en primeiro lugar, en estudos e reflexións anteriores que sobre o tema se fixeron tanto a nivel estatal como no ámbito galego, e apuntalada en segundo lugar nunha análise propia de contido, centrada nos medios de comunicación galegos e naqueles estatais con maior presenza en Galicia (*El País*, *El Mundo* e *ABC*). O traballo de campo elaborouse sobre unha selección de noticias publicadas nos primeiros seis meses do 2007, recollidas no dossier de prensa que nos foi facilitado dende o Servicio Galego de Iguadade da Xunta de Galicia. Non é unha compilación exhaustiva (non está nesa escolla todo o publicado en todos os medios de comunicación galegos sobre prostitución) pero si é unha selección representativa dos principais acontecementos e ámbitos temáticos que, en relación coa prostitución, pasaron a formar parte da axenda dos medios nesta primeira metade do ano. As e os protagonistas, as temáticas, as fontes utilizadas, a terminoloxía empregada e o xénero do relato foron os aspectos analizados de cada unha das unidades redaccionais estudadas. Rematamos a comunicación cunha serie de propostas que, a modo de conclusión, formulamos para contribuír a un tratamento en maior profundidade da prostitución nos medios.

A mirada legalicionista e abolicionista sobre os medios de comunicación

O debate sobre abolición ou legalización da prostitución –no que se emprazan distintas posturas feministas– afecta tamén ás análises do tratamento desta realidade nos medios de comunicación. A compilación bibliográfica realizada para este traballo desvela que é difícil atopar estudos e reflexións sobre os contidos mediáticos que se manteñan á marxe do debate, cuestión pola que sintetizaremos, con carácter previo á revisión da abordaxe mediática da prostitución e o tráfico de mulleres, os argumentos barallados dende un ou outro posicionamento.

Dende a visión abolicionista acúsase aos medios de ofrecer unha imaxe sesgada da prostitución, por considerar que contribúen a difundir unha concepción da prostitución como realidade inevitábel e, polo tanto, non merecente de denuncia. En palabras da asociación Alecrín, “salvo loábeis excepcións, o tratamento da prostitución por parte dos mass media do noso país, en xeral resulta nesgado. O fenómeno adoita ser exposto en termos equívocos e confusos que nos queren remitir constantemente á moi estendida idea de que é algo inevitábel e que calquera medida tendente á súa erradicación é inútil” (Alecrín, 2006: pág.1). Tamén critican o diferente trato que os medios outorgan á prostitución e ao tráfico de mulleres e nenas –en canto que consinten a primeira e condenan a segunda– pois conciben que ambas forman parte da mesma realidade. Unha postura acorde coa

visión da ONU que, na Convención do 2 de decembro de 1949, establece que “a prostitución e o mal que a acompaña, é dicir, a trata de seres humanos, son incompatíbeis coa dignidade e o valor das persoas humanas”. Así mesmo, dende posicionamentos abolicionistas denúnciase o uso que se fai de conceptos como autodeterminación, liberdade sexual ou liberdade de movementos para promocionar a través deles sectores da industria do sexo (Alba, Y. : 5) e acúsase o revisionismo semántico realizado polos medios de comunicación. “A desinformación, a banalización, a lexitimación da violencia, da trata, da prostitución e da pornografía obtéñense a través dun “revisionismo semántico”. Desta forma tranfórmanse as palabras, os conceptos e os principios inherentes aos Dereitos Humanos das mulleres”, recolle M. Markovich en *Guía de buenas prácticas para periodistas y comunicadores* (Alba, Y. (ed): 5).

Voces abolicionistas fan tamén referencia á influencia dos medios na configuración dun imaxinario sexual de fondo contido patriarcal e argumentan que, dende os mesmos, se incita á violencia contra as mulleres a través da pornografía¹ ou dos propios anuncios por palabras.² Defenden que os medios de comunicación deben comprometerse como motor no cambio de mentalidade da sociedade fronte á prostitución e o tráfico de mulleres con fins de explotación sexual (Alba, Y. (ed) (2000): p. 34).

Desde a postura partidaria da legalización denúnciase que o discurso que predomina nos medios de comunicación é o que liga a prostitución en exclusiva ás redes de tráfico e trata, sen ter en conta a realidade das mulleres que exercen de xeito voluntario. Para Laura Oso, este discurso “non pon de relevo a complexidade desta realidade social, subliñando case exclusivamente a súa vertente máis sensacionalista e reducindo a figura da traballadora do sexo inmigrante ao papel pasivo da vítima traficada e obrigada”. (Oso, 2004: pág. 27 y 28). Fronte ao posicionamento abolicionista que fai fincapé na relación da prostitución co tráfico de mulleres, dende os sectores partidarios da legalización insístese na actitude voluntaria, e non incitada, de moitas mulleres á hora de introducirse na prostitución.³ Coidan que é o discurso abolicionista o que predomina nos medios e denuncian que, mediante a difusión de noticias sobre redadas e actuacións contra o tráfico de mulleres e a trata de brancas, estes a miúdo ligan a prostitución coa delincuencia e contribúen a vitimizar á muller que exerce a prostitución. “... os medios de comunicación de masas fan especial fincapé nalgunhas formas moi determinadas de prostitución, que son as que crean gran alarma social e terxiversan ao mesmo tempo a correcta interpretación do fenómeno”, afirma José Luís Riopedre (Riopedre, 2004: p. 205).

O tratamento da prostitución nos medios

Máis que a presenza, o primeiro que cumpriría analizar no discurso informativo dos medios é a ausencia da prostitución nos mesmos, a invisibilidade desta problemática social. Como ben apunta

¹ Sobre os efectos dos medios na violencia contra as mulleres destaca a análise realizada nos 80 por Diana E.H. Russell, que configura un modelo teórico co fin de demostrar as formas nas que a pornografía pode provocar violacións (Russell e Radford (ed.), 2006: p. 416). Pasando da metodoloxía académica á xornalística, o periodista Antonio Salas fala no seu libro, *El año que trafiqué con mujeres*, dos efectos da imaxinería pornográfica nas esixencias dos clientes.

² Coidan que poden contribuir a xerar reaccións violentas na clientela, ao non coincidir o ofertado coas características reais das mulleres que se publicitan.

³ Dende as posturas legalicionistas considérase que os medios contribúen a reforzar a identificación das mulleres que exercen a prostitución como vítimas, en prol dos argumentos abolicionistas, actitude que denuncian mesmo na abordaxe mediática realizada noutros momentos históricos: “Unha vez que as leis das enfermidades contaxiosas foron suspendidas en 1883 e totalmente derogadas en 1896, Josephine Butler e o seu círculo dirixiron a súa atención á “trata de mulleres” (de Inglaterra a Bélxica, por exemplo) e ao “sometemento de nenos” (en Londres). As investigacións indican que a maioría das inmigrantes que había na prostitución eran mulleres prostitutas adultas que viaxaban pola súa propia decisión coa esperanza de encontrar mellores condicións de traballo (que non encontraron), pero o xornalismo sensacionalista pintou un cadro moi distorsionado da escravitude feminina”. (Petherson (comp.), 1989: p. 48).

Concha Fagoaga (Fagoaga, 2007: 201-202), mentres os anuncios que publicitan o comercio sexual se incrementaron sobre todo a partir de finais dos 80⁴, e os beneficios obtidos polos medios a partir dos mesmos se ensancharon, “o xornal non dispón recursos para informar da prostitución, esta é esporádica e básica e dobremente pregada á nota policial cando esta institución cumpriu co seu traballo ou a nota ou reportaxe da protesta veciñal”. No estudo *Prostitución y tráfico de mujeres con fines de explotación sexual en los medios de comunicación*, situado en posicionamentos abolicionistas, chégase a denunciar unha “solapada censura” por parte dos medios de comunicación (Alba (ed.), 2000: 29): “Igualmente contátase que a escaseza ou o ínfimo tratamento sobre informacións que traten os dous temas que nos ocupan é unha solapada censura polos medios de comunicación, que son patriarcais”.

Mostra desta invisibilidade é o feito de que o dossier do que partimos conte con tan só 41 unidades redaccionais sobre prostitución. Na súa maioría, as informacións encádranse na información de sucesos: detencións, denuncias, procesos xudiciais ou mesmo acontecementos criminais.

CADRO Nº 1: TEMÁTICAS		
DENUNCIAS DE COLECTIVOS FEMINISTAS	9	21,95
DEBATE POLÍTICO SOBRE ABOLICIÓN OU LEGALIZACIÓN	7	17,07
DENUNCIA DO DELITO DE PROXENETISMO	1	2,44
DETENCIÓN DE MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	4	9,76
DETENCIÓN DE PROXENETAS E MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	4	9,76
DETENCIÓN DE PROXENETAS	3	7,32
OUTROS SUCESOS	1	2,44
TRABALLO DA FISCALÍA SOBRE EXPLOTACIÓN SEXUAL	1	2,44
XUÍZO A PROXENETAS	3	7,32
CONFLICTOS COA VECIÑANZA	2	4,88
FALTA DE RECURSOS DE COLECTIVOS DE ATENCIÓN A MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	2	4,88
CLIENTES	1	2,44

Varias destas noticias relatan en liñas concisas a detención de mulleres que exercen a prostitución por estadía irregular en territorio estatal, sen a menor referencia ao proxeneta -a quen se lucra da prostitución allea e que adoito é o menos perxudicado neste tipo de redadas-, ás circunstancias en que estas mulleres exercen a prostitución ou á situación na que quedan unha vez son detidas e pende sobre elas a ameaza da expulsión.⁵ Deste xeito criminalízase a quen traballa na

⁴ Estes anuncios recréanse nun imaxinario sexual que se asenta nos roles e valores impostos á muller pola sociedade patriarcal (a sumisión, a compracencia, a importancia do físico..) e nos condicionantes esixidos ao “produto” comercializado pola sociedade capitalista (como por exemplo, a novidade da “oferta”). Incídese na xuventude (o identificativo “jovencitas” e outros diminutivos similares, poden levar a pensar ao público lector en menores de idade) e tamén no sexo sen protección como servizo especialmente demandado. Desde os medios aléntase un determinado imaxinario, apuntalado pola exuberante oferta dos anuncios de relax, con posíbeis incidencias no que o cliente espera e esixe. A Comisión Mixta dos Dereitos da Mujer recomendoulle ao Goberno estatal en marzo de 2007 que solicitase aos medios de comunicación a renuncia a este tipo de publicidade.

⁵ Exemplos extraídos da mostra obxecto de análise: “Tres brasileñas fueron detenidas en un club pobrense por estancia ilegal” (*La Voz de Galicia*); “Detenidas en dos clubes de Ribadeo y Barreiros once extranjeras” (*La Voz de Galicia*); “Detenidas seis mujeres en varios clubes de alterne por un delito de estancia ilegal” (*El Ideal Gallego*); “La policía arresta a seis brasileñas y un paraguayo sein papeles en un club de alterne de O Porriño” (*La Voz de Galicia*)

prostitución e contribúese a crear confusión na sociedade, segundo recalca a entidade Alecrín (Alecrín, 2006: 1): “1ª confusión: se a nova na prensa escrita vai no apartado de “sucesos” seguramente responda a unha redada policial nos locais dos proxenetas que impunemente exercen a explotación sexual das maioritariamente mulleres inmigrantes irregulares que son detidas pola súa situación non regularizada no estado e que nada téñen que ver co exercicio da prostitución. O resultado é que se criminaliza as vítimas e se invisibiliza o verdadeiro promotor desta situación, os proxenetas. Ó mesmo tempo, a opinión pública xera a idea de que a prostitución está ilegalizada e que por iso as mulleres se ven perxudicadas”.

Son informacións, na súa maior parte, extraídas de notas policiais, que se limitan a difundir os datos ofrecidos por estas fontes sen indagar máis aló. Polo tanto, a figura do proxeneta só aparece cando dende o ámbito policial se actúa directamente contra el, a miúdo en relación coa descuberta de mafias de tráfico de mulleres, nunca froito dun traballo de indagación xornalística propio.⁶ O resto dos ámbitos temáticos máis abordados sobre prostitución coincide con aqueles que son inducidos dende fóra, ben pola axenda política (foi noticia no período analizado a decisión da Comisión Mixta Congreso-Senado de desaconsellar a legalización da prostitución); ben pola capacidade de influencia nos medios de certos colectivos sociais que abordan esta problemática e que aprenderon como introducir as súas denuncias na axenda mediática.⁷ Escasean, polo tanto, aqueles traballos que parten da iniciativa da ou do xornalista, a non ser os de carácter máis reporteiril (tan só dous en toda a mostra) que, na procura dun ton máis informal que enganche á lectura, adoito caen no sensacionalismo, os tópicos e os estereotipos máis habituais sobre a prostitución.⁸

A abordaxe, na maior parte das ocasións, dende a óptica do suceso, a miúdo cinguida á resposta do que, do quen, do cando, onde e como, sen reparar en por que, deixa multitude de espazos de sombra na cobertura mediática da prostitución e alimenta o descoñecemento sobre esta realidade xa de por si abondo ignorada e estigmatizada por parte da sociedade.

Deste xeito, aténdese o acontecemento puntual, do que chega información a partir das fontes habituais (a miúdo de carácter oficial e/ou organizadas) pero óbvíase o tratamento como tema, incardinado no complexo marco da problemática social que o configura e dende as múltiples perspectivas en xogo: a de xénero, a legal, a política, a económica, a social, a cultural... Nas escasas informacións sobre prostitución, non se adoitan denunciar cuestións como o feito de que as máis afectadas nas redadas policiais sexan as propias mulleres (dado que a maioría son inmigrantes que non teñen legalizada a súa estada en España). Pouco sabemos do seu día a día, dos seus problemas, de como viven o exercizo da prostitución, das vías de chegada á mesma, do seu carácter voluntario ou forzado, das situacións de violencia ás que se ven expostas, dos motivos que fan que non denunciaren cando son traficadas ou explotadas sexualmente, dos riscos sanitarios (e máis aínda, cando as prácticas sexuais sen protección son abondo cotizadas e a miúdo esixidas), da violación dos dereitos humanos a mans de traficantes, proxenetas e clientes; do dobre estigma que sofren

⁶ Exemplos extraídos da mostra: “Detenido un vecino de Meaño en una operación policial contra el tráfico de mujeres” (*Diario de Arousa*); “Cazan a un venezolano que prostituía a mujeres y hombres en A Coruña” (*El Correo Gallego*) e “La policía brasileña arresta dos veces en cinco meses al dueño de un club de alterne de Maside” (*La Voz de Galicia*).

⁷ O grupo feminista Alecrín é o colectivo, dos que traballan con mulleres que exercen a prostitución en Galicia, con maior presenza nos medios, froito dunha relación máis fluída cos mesmos. É o único que aparece, de feito, na mostra analizada (sen termos en conta unha noticia puntual referida ao centro de Cáritas en Pontevedra). Existen en Galicia, porén, outras entidades que tamén atenden a mulleres que exercen a prostitución (aínda que con menos visibilidade mediática), entre eles os centros de día de Cáritas en Pontevedra, Ourense, Santiago e Ferrol, así como o traballo de Médicos do Mundo. Nas entrevistas mantidas con algún deles puidemos constatar que a desconfianza cara ao tratamento que os medios de comunicación poidan outorgar a esta problemática faínos reticentes á súa aparición nos mesmos.

⁸ Na reportaxe “Prostitución y violencia de género” (*El Correo Gallego*, 11 de marzo de 2007) recóllense titulares como os que seguen: “Pelo y sangre menstrual, vudú de tribus a chicas nigerianas” ou “Niñas, drogadictas y engañadas, muy pocas ejercen por vicio y fornicio”. O sensacionalismo non está só presente nos titulares senón no propio estilo da reportaxe, que conclúe un dos seus despezos coa frase: “Mujeres vulnerables. No todas son putas por amor al arte”.

como prostitutas e como inmigrantes, da situación de illamento que poden vivir nos clubs e pisos, do custo psicosocial do exercizo da prostitución, na escaseza de alternativas económicas viábeis no país de acollida para as mulleres inmigrantes, da ausencia dunha rede asistencial (máis aló do voluntarismo das ONGDs e de organizacións relixiosas como as oblatas), do perfil dos clientes, da desconfianza cara á protección prometida polas leis ou dos beneficios económicos dos que controlan o invisíbel e impune negocio de la prostitución. Se as mulleres son invisíbeis nos medios, como demostran numerosos estudos realizados até o momento, aquelas que exercen a prostitución sono por partida dobre.⁹

A falta dun tratamento en profundidade que vaia máis aló do acontecemento puntual e que amose certa iniciativa por parte do xornalponse de manifesto tamén nos xéneros empregados (noticias no 90,24% dos casos). En menos do dez por cento dos textos analizados a prostitución é obxecto de atención en reportaxes, entrevistas ou artigos de opinión. A dependencia de fontes organizadas, sobre todo das policiais e institucionais ou, no ámbito galego, tamén daqueles colectivos que conseguiron forxar unha relación fluída cos medios (o mencionado caso de Alecrín), delatan o escaso interese das empresas comunicativas en indagar por si mesmas nesta realidade social na que, de pórense os recursos necesarios, tan bos froitos podería dar a práctica dun xornalismo de investigación. Como puidemos observar na mostra analizada, a denuncia das condicións nas que se exerce a prostitución parte tamén da iniciativa dos propios colectivos sociais (fundamentalmente de Alecrín) que deciden facelo en base ao coñecemento directo que lle reporta o seu traballo con mulleres que se dedican ao comercio sexual; cáseque en ningunha ocasión da ou do xornalista.

CADRO Nº2: FONTES		
FORZAS DE SEGURIDADE	14	17,07
FONTES POLÍTICAS	14	17,07
ALECRÍN	9	10,98
MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	5	6,10
FONTES DO ÁMBITO XURÍDICO	4	4,88
ESTUDOS E INFORMES	4	4,88
ANELA (Asociación Nacional de empresarios de locais de alterne)	3	3,66
PRESUNTOS PROXENETAS	3	3,66
HETAIRA	3	3,66
CÁRITAS	2	2,44
AFESIP ESPAÑA	2	2,44
PLATAFORMA DE TRABAJO SEXUAL Y CONCIENCIA	2	2,44
MULLERES PROGRESISTAS	2	2,44
EXPERTOS	2	2,44
VECIÑANZA	2	2,44
ADMINISTRACIÓN	2	2,44
CLIENTES	1	1,22
HOMES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	1	1,22
PLATAFORMA POLA ABOLICIÓN	1	1,22
MULLERES NACIONALISTAS	1	1,22
CCOO	1	1,22
OUTROS/AS	4	4,88
	82	100,00

⁹ Dende os primeiros estudos realizados no Estado español sobre a imaxe das mulleres nos medios de comunicación, tal é o caso do pioneiro *Umbral de la presencia de las mujeres en la prensa española* (Fagoaga e Secanella, 1983), até as análises máis actuais, a invisibilidade das mulleres é unha constante nas conclusións destes traballos.

No período analizado ten lugar a difusión dos resultados do informe elaborado pola Comisión Mixta sobre os Dereitos da Muller, que desaconsella legalizar o exercizo da prostitución mais que, porén, tampouco se decanta pola penalización do cliente. O feito fai que o debate sobre legalización-abolición se convirta de xeito puntual en noticia, cuberta en varios medios galegos mediante información de axencia na que se recolle, brevemente e de urxencia, as argumentacións e valoracións dos grupos políticos e colectivos de ámbito estatal partidarios da abolición (PSOE, PP, CiU, Plataforma por la Abolición, Mulleres Progresistas e a ONGD de loita contra o tráfico internacional de persoas, Afesip España), así como dos partidarios da regularización (IU/IPC/Verds, ERC, o Colectivo en Defensa dos Dereitos das Prostitutas Hetaira, a Plataforma de Traballo Sexual e Conciencia e a Asociación Nacional de Locais de Alterne ANELA). Bótase en falta unha cobertura mediática máis repousada que permita afondar nos principais argumentos a favor da abolición e da legalización, así como unha maior presenza de voces galegas que enriquezan o debate.

É manifesta, así mesmo, a normalización da figura do proxeneta, de aquel que se beneficia da prostitución allea, como unha fonte máis. A Asociación Nacional de Locais de Alterne, ANELA, conta mesmo con gabinete de prensa, o que pon de manifesto que é consciente da importancia de desenvolver estratexias para incidir nas rutinas dos medios como elementos fundamentais para a normalización e aceptación social da súa actividade.

Acudir con maior frecuencia a fontes expertas, aos colectivos que traballan de preto esta realidade, ás propias mulleres que exercen ou exerceron a prostitución e, sobre todo, botar man da iniciativa propia do medio, permitiría achegar perspectivas novas, que botasen luz sobre esa enorme parte do iceberg que queda afundida e fóra do tratamento mediático.

Nesa parte oculta queda a figura do cliente, o gran ausente na información ofrecida polos medios. Como indica o xornalista francés Hubert Dubois, informar sobre o cliente non é politicamente correcto (Dubois, 154: 2006). A imaxe que a sociedade relaciona coa prostitución é a da muller que vende servizos sexuais, pero non a do home que os compra, que queda así nun cómodo fóra de campo, tamén no ámbito mediático. Como se indica no estudo *Tipología del cliente de prostitución femenina en la Comunidad de Madrid*, “até o momento centrouse a responsabilidade, ou máis ben a “culpa” da existencia da prostitución só na muller, deixando ao home-cliente escapar da súa responsabilidade e polo tanto, e ao mesmo tempo, librándoo da estigmatización social exercida sobre quen se implicou na prostitución” (Dirección General de la Mujer, 2003: p. 17). Na mostra que analizamos, tan só dous acontecementos referidos ao cliente logran converterse en obxecto noticiábel. Un en relación coa decisión do PSOE de optar pola non penalización do mesmo. O outro relativo a un feito que, con tintes anecdóticos, conseguiu gran repercusión mediática: a detención dun home tetrapléxico en plena autovía no seu intento por chegar a un local de alterne. Esta última información, divulgada en ton ameno e mesmo xocoso, acubilla, de maneira máis ou menos intencionada, un dos argumentos máis utilizados, ao longo dos séculos, na xustificación da existencia da prostitución: a súa concepción como servizo social, que parte da consideración da sexualidade masculina como irrefreábel. “Realizaba unha curta travesía, o escaso kilómetro que separa o centro de internamento ao lupanar, pero errou no traxecto e foi detido na autovía. Á policía e a quen lle pregunta espeta sen arrubiarse: “Tiña ganas””, pode lerse na reportaxe publicada por ABC. Na única ocasión na que, na mostra analizada, a figura do cliente se fai visíbel nun rostro concreto, o tratamento mediático coincide nun trato amábel e comprensivo do mesmo.

O protagonismo das informacións sobre prostitución recae, pois, na maioría das ocasións, na muller que exerce a prostitución, como pode verse no cadro que segue:

CADRO Nº 3: PROTAGONISTAS		
MULLERES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	29	38,16
FONTES POLÍTICAS	11	14,47
PRESUNTOS PROXENETAS	9	11,84
ALECRÍN	6	7,89
FORZAS DE SEGURIDADE	3	3,95
CLIENTES	3	3,95
HOMES QUE EXERCEN A PROSTITUCIÓN	2	2,63
VECIÑANZA	2	2,63
CÁRITAS	2	2,63
FONTES DO ÁMBITO XURÍDICO	1	1,32
ANELA	1	1,32
HETAIRA	1	1,32
ADMINISTRACIÓN	1	1,32
PLATAFORMA POLA ABOLICIÓN	1	1,32
MULLERES NACIONALISTAS	1	1,32
OUTROS/AS	1	1,32
CCOO	1	1,32
REDES DE EXPLOTACIÓN SEXUAL	1	1,32
	76	100,00

A dependencia das fontes policiais fai que sexa a prostitución en clubs de alterne –os espazos máis vixiados polas forzas de seguridade- a máis visíbel. Moito menor é a presenza nos contidos redaccionais do comercio sexual en pisos (a modalidade con máis protagonismo nos anuncios por palabras), resgardada aos ollos policiais no animato que ofrecen as vivendas particulares fronte aos brillantes neóns dos locais de alterne. Escasa tamén é a referencia á prostitución de rúa ou barrio, quizais por vivir momentos de decadencia en Galicia fronte ao empuxe da prostitución en clubs e pisos¹⁰. Na mostra analizada, os clubs protagonizan 15 das 41 informacións analizadas, mentres tan só en catro ocasións se pon o foco na prostitución en pisos e, en dúas, na exercida en barrio ou rúa.

A linguaxe utilizada é un aspecto abondo revelador na análise dos contidos mediáticos sobre prostitución, polo que encerra de ideolóxico a terminoloxía empregada. Dende a abolicionista (que insiste nos conceptos “mulleres prostituídas”, “proxenetas” e “prostituidor cliente”) até a acuñada polos sectores partidarios da legalización (que apostan por termos como “traballadoras sexuais”) pasando por aquela máis presente na linguaxe da rúa –e dentro do aceptado como politicamente correcto nos medios-, na que incluíríamos a denominación “prostitutas”. Nalgún caso, supoñemos que na procura dun estilo reporteiril máis fluído e sensacionalista, fálase directamente de “putas”.¹¹ Noutros, evítase a atribución explícita dun termo que as relacione coa súa ocupación e faise alusión a “esas mulleres” (un modo de redundar no tabú) ou a algunha outra característica ou circunstancias que se relacione con elas nese momento (“mulleres inmigrantes”, “detidas”...) para evitar identificalas coa súa ocupación laboral. Semella non haber criterios definidos á hora de optar por unha ou outra terminoloxía nas informacións analizadas, o que –sinalamos a modo de hipótese- pode facilitar a adopción acrítica –sen un coñecemento a fondo do debate que latexa detrás- da terminoloxía

¹⁰ Os pisos son un espazo máis seguro para proxenetas e mafias, sobre todo a partir da penalización, en todas a súas formas, do proxenetismo dende o 2003. Convén lembrar que nos anos anteriores, e dende a reforma do Código Penal de 1995, só se sancionaban aquelas condutas máis graves, como o emprego de violencia, engano ou abuso dunha situación de necesidade ou superioridade. Isto podería estar detrás (apuntámolo a modo de hipótese) do incremento, nos últimos anos, dos anuncios de palabras (tanto en número, como en espazo e presenza de elementos gráficos) sobre prostitución na prensa escrita.

¹¹ Na reportaxe “Prostitución y violencia de género” (*El Correo gallego*, 11 de marzo de 2007) bótase man en varias ocasións do termo, que é utilizado, sen un criterio definido, xunto con outros, como “prostitutas”, “mulleres prostituídas”, “escravas”, “víctimas do terrorismo sexual”, “mulleres que practican o oficio máis antigo do mundo” ou “mulleres de servizos sexuais”.

empregada polas fontes por parte do xornalista. A palabra proxeneta é utilizada en escasas ocasións. Máis abondoso é o uso de termos como “donos de prostíbulos”, “empresarios de clubes”, “responsábeis dos negocios”, “empresarios do sector”, “o propietario do club”, “o empresario galego”, “donos dun club”, “acusado de obrigar a estranxeiras a prostituírse”,... O concepto cliente, nos contados casos nos que se fai referencia a esta figura, é preferido ao abolicionista “prostituidor”.

Algunhas recomendacións

Para rematar, e froito das reflexións realizadas ao longo desta comunicación, suxerirei unha serie de propostas que puidesen ser de utilidade para un tratamento da prostitución en maior profundidade:

- A trata de brancas, o tráfico de mulleres, e a explotación sexual son delitos, atentados contra os dereitos humanos e manifestacións de violencia contra as mulleres, e como tal han ser denunciados polos medios de comunicación, que deben comprometerse na loita contra os mesmos e no labor de concienciación social.
- A prostitución é produto dunha violencia estrutural de índole patriarcal, vixente nunha sociedade na que a homes e mulleres se lle asignan distintos roles-que contribúen a reafirmar a desigualdade- e se lles ofrecen tamén alternativas vitais distintas. Da prostitución, a explotación sexual, a trata e o tráfico de seres humanos con fins de explotación sexual débese informar dende a perspectiva de xénero.
- Os medios de comunicación teñen que informar, non confundir, e para iso quen informe ha de contar coa suficiente formación. Son necesarias accións de formación tanto en comunicación dende a perspectiva de xénero como na complexa realidade da prostitución.
- É preciso rexeitar o sensacionalismo, a frivolidade e o morbo na elaboración das informacións xa que, mediante o destaque en exclusiva do escabroso só se contribúe a deformar aínda máis a visión social dunha realidade xa de por si deturpada baixo os lentes do estigma e o descoñecemento social da súa complexidade.
- O tratamento informativo da prostitución esixe botar man de fontes plurais. Ademais das habituais fontes policiais débese acudir a outro tipo de voces (asociativas, feministas, especializadas....) e darlle voz ás propias protagonistas da información, as mulleres que exercen ou exerceron a prostitución e as vítimas da trata e o tráfico de persoas. Débese ir máis aló, en todo caso, da información inducida por fontes oficiais e organizadas. Os e as responsábeis dos medios de comunicación teñen que poñer os recursos necesarios para levar a cabo un xornalismo en profundidade e de investigación, e máis se temos en conta que até o de agora se beneficiaron dos recursos que o comercio sexual lles reportou e reporta a través da publicidade.
- É necesario visibilizar os distintos axentes que participan do comercio sexual e ir máis aló do enfoque actual, centrado case en exclusiva na muller que exerce a prostitución. É preciso visibilizar a mafiosos, proxenetas e clientes. E tamén identificar as responsabilidades que recaen en ámbitos diversos (políticas, institucionais, sociais, empresariais...) na aceptación e connivencia coa situación actual da prostitución.
- Débese darlle voz ás mulleres que exercen ou exerceron a prostitución e proporcionarles un trato digno nas alusións, referencias e descripcións das mesmas que se fagan na información, tamén no seu apartado gráfico. É imperativo descartar prexuízos e estereotipos, así como visións alonxadas e mitificadas das mulleres que exercen a prostitución, propias dun imaxinario patriarcal que as estigmatiza.
- É preciso respectar o dereito á intimidade e a dignidade das mulleres que exercen a

prostitución e das vítimas da trata e tráfico de mulleres con fins de explotación sexual.

- Débese rexeitar a normalización da figura do proxeneta, daqueles que se benefician do negocio da prostitución allea.
- É necesario afondar nas diversas caras da prostitución, na forzada e na voluntaria, na de barrio e rúa, pisos, clubs e locais de alterne, na prostitución de luxo, na prostitución masculina, transexual e homosexual...
- A información sobre prostitución debe, en todo caso, ir máis aló da nota de sucesos e afondar nas causas, as consecuencias e o contexto actual dunha problemática social que require un tratamento informativo interdisciplinar, no que conflúen diversas perspectivas (política, legal, social, económica, cultural...).
- Os medios deben desbotar os anuncios por palabras nos que se publicita o comercio sexual, dado que difunden un imaxinario baseado no reforzo de valores patriarcais e posto que, tras este tipo de anuncios, se agochan situacións de explotación sexual.

Bibliografía

- Alecrín (2006). *Informe Prostitución en Lugo*, Lugo: Casa da Muller, Concellería de Muller e Servizos Sociais, Concello de Lugo. (www.alecrin.org/campanasnoticiasvarios/Informe%20Lugo-gal.pdf)
- Alecrín (2006). “Medios de comunicación e prostitución” (<http://www.observatoriodosmedios.org/foros/viewtopic.php?t=57>).
- Alba, Yolanda (ed) (2000). *Guía de buenas prácticas para periodistas y comunicador@s. Prostitución y tráfico de mujeres con fines de explotación sexual en los medios de comunicación*, Barcelona: Red Europea de Mujeres Periodistas Españolas.
- Dirección General de la Mujer. Comunidad de Madrid (2003). *Una aproximación al perfil del cliente de la prostitución femenina en la Comunidad de Madrid*, Madrid: Dirección General de la Mujer, Comunidad de Madrid.
- Dubois, Hubert (2006). “El papel de los medios de comunicación en la difusión de noticias sobre tráfico y prostitución” in VV.AA. (2006) *Congreso internacional Madrid y la prevención del tráfico de mujeres con fines de explotación sexual. De Europa y África a Madrid: procedencia y destino*, Madrid: Área de Gobierno de Empleo y Servicios a la Ciudadanía. Dirección General de Igualdad de Oportunidades, Ayuntamiento de Madrid, pp. 152-155.
- Fagoaga, Concha (2007). “Los discursos de la prostitución en la prensa española” in VV.AA. *Congreso internacional Derechos humanos y prostitución*, Madrid: Área de Gobierno de Empleo y Servicios a la Ciudadanía, Dirección General de Igualdad de Oportunidades: Ayuntamiento de Madrid, pp. 201-209.
- Oso Casas, Laura (2004) “Mulleres inmigrantes latinoamericanas e traballo sexual en Galicia” in VV.AA. (2004) *Outras voces, outros mundos. Mulleres inmigrantes e prostitución en Galicia*, Andaina, Concellería de Emigración e Inmigración, Concello de Santiago, pp. 23-57
- Riopedre, José L. (2004) *Mara y sus amigas. Investigación sobre la prostitución en Galicia*, Lugo: Manuscritos
- Russell, Diana E., Radford, Jill (ed) (2006), *Feminicidio. La política del asesinato de las mujeres*, México DF: Centro de Investigaciones Interdisciplinarias en Ciencias y Humanidades.
- Salas, Antonio (2004) *El año que trafiqué con mujeres*, Madrid: Ediciones Temas de Hoy.
- Xunta de Galicia (2004) *A prostitución femenina na comunidade autónoma de Galicia*, A Coruña: Servicio Galego de Igualdade.

Xunta de Galicia (2006) *Congreso Internacional Tráfico Internacional y Trata de Mujeres. Claves básicas para reflexionar sobre un problema*, Montijo: Junta de Extremadura, Consejería de Cultura, Instituto de la Mujer de Extremadura.

Xunta de Galicia (2007) *Informe de la ponencia sobre la prostitución en nuestro país. Aprobada en sesión de la ponencia de 13 de marzo de 2007*, Madrid: Boletín Oficial de las Cortes Generales